O contrato foi adxudicado por Decreto da Alcaldía da data 04/12/2015 a favor da empresa "ILUMINACIONES UMIA, S.L." (CIF B36165694), e asinouse na mesma data 04/12/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.500,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 04/12/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos polo programador de exposicións do Concello e polo interventor accidental, ámbolos dous da data 20/02/2017, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

**A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.500,00 euros depositada por "ILUMINACIONES UMIA, S.L." (CIF B36165694), para responder do contrato de Subministración na modalidade de alugamento, e instalación de arcos, adornos luminosos e outros elementos ornamentais para as festas de Nadal 2015.**

**7.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "REPOSICIÓN ASFÁLTICA EN VÍAS"**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de "**Reposición asfáltica en vías**", cun orzamento total por contrata de 99.999,99 euros (valor estimado do contrato: 82.644,62 euros; IVE 21%: 17.355,37 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en novembro de 2016, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión da data 15/12/2016.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo-), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61990, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión de data

15/12/2016.

De conformidade co establecido na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, a licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 16/01/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 26/01/2017, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. "Obras y Contratas Rivademar, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/01/2017, co número 913.
2. "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/01/2017, co número 929.
3. "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.017.
4. "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.029.
5. "Excavaciones Cernadas Valiña, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/01/2017, co número 1.047.
6. "Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.073, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.
7. "Asfalgal Técnicas Viarias, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.075, enviada a través da oficina de correos na data 23/01/2017.
8. "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.077, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.
9. "Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.086, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.
10. "Francisco Gómez y Cía, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/01/2017, co número 1.122, enviada a través da oficina de correos na data 24/01/2017.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 27/01/2017, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás dez empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto de apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas (fase 1ª), celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 30/01/2017, co seguinte resultado:

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

| Licitador | 1ª Oferta económica<br>Valor estimado (sen IVE) |
|---|---|
| Obras y Contratas Rivademar, S.L. | 66.940,00 € |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 70.495,86 € |
| Nemesio Ordóñez, S.A. | 77.578,51 € |
| Construcciones Ponciano Nieto, S.L | 80.165,28 € |
| Excavaciones Cernadas Valiña, S.L. | 61.280,99 € |
| Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L. | 68.000,00 € |
| Asfalgal Técnicas Viarias, S.L. | 57.834,71 € |
| Canarga, S.L. | 82.644,62 € |
| Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. | 79.818,17 € |
| Francisco Gómez y Cía, S.L. | 81.334,00 € |

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación e invitar aos licitadores admitidos a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira, do xeito previsto na cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións para presentar unha segunda oferta económica foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 31/01/2017, que foron rexistrados de saída na mesma data e notificados por correo electrónico.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) presentadas por cada un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 09/02/2017, co seguinte resultado:

| Licitador | 2ª Oferta económica<br>Valor estimado (sen IVE) |
|---|---|
| Obras y Contratas Rivademar, S.L. | mantén 1ª oferta |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 53.264,46 € |
| Nemesio Ordóñez, S.A. | 65.338,83 € |
| Construcciones Ponciano Nieto, S.L | mantén 1ª oferta |
| Excavaciones Cernadas Valiña, S.L. | 56.107,43 € |
| Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L. | 66.500,00 € |
| Asfalgal Técnicas Viarias, S.L. | 57.750,00 € |
| Canarga, S.L. | ratifica 1ª oferta |
| Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. | 66.322,90 € |
| Francisco Gómez y Cía, S.L. | 81.334,00 € |

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 09/02/2017 e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 16/02/2017 adoptou os seguintes acordos:

*- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "REPOSICIÓN ASFÁLTICA EN VÍAS", do seguinte xeito:*

| Orde | Licitador | Valor estimado (sen IVE) |
|---|---|---|
| 1º | Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 53.264,46 € |
| 2º | Excavaciones Cernadas Valiña, S.L. | 56.107,43 € |
| 3º | Asfalgal Técnicas Viarias, S.L. | 57.750,00 € |
| 4º | Nemesio Ordóñez, S.A. | 65.338,83 € |
| 5º | Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. | 66.322,90 € |
| 6º | Obras, Transportes y Construcciones Fontefria, S.L. | 66.500,00 € |
| 7º | Obras y Contratas Rivademar, S.L. | 66.940,00 € |
| 8º | Construcciones Ponciano Nieto, S.L | 80.165,28 € |
| 9º | Francisco Gómez y Cía, S.L. | 81.334,00 € |
| 10º | Canarga, S.L. | 82.644,62 € |

*- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 17/02/2017.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Dentro do prazo concedido a empresa "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/02/2017 co número 2.978), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 23/02/2017 (nº operación: 2017 33000699), xustificativa de constitución de aval de Afigal (REA nº 48.572) como garantía definitiva do contrato por importe de 2.663,22 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 23/02/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

***PRIMEIRO***.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

***SEGUNDO***.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 16/02/2017, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "Reposición asfáltica en vías" á empresa "Eulogio Viñal, S.A." (NIF número A-15352735), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 64.450,00 euros (Base: 53.264,46 euros; IVE 21%: 11.185,54 euros).**

**b) Prazo de execución: 3 meses**, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con data novembro de 2016.

***TERCEIRO***.- De conformidade co establecido na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

***CUARTO***.- **Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía**

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**Landeira Pereira.**

***QUINTO***.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

## IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

## V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por **Miguel Ángel Nóvoa Núñez**, de data 17/02/2017 (Rexistrado de entrada en data 22/02/2017 co nº 2.936), no que solicita o cambio de titularidade dun posto no Mercado de Palmeira para a venda de bocadillos e comida para levar, do que é titular Mauro 007, S.L., según acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 14/10/2016, e no que achega o consentimento e conformidade asinado polo actual titular Ignacio Rodríguez Bello en representación de Mauro 007, S.L.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) Autorizar o cambio de titularidade a favor de **Miguel Ángel Nóvoa Núñez** no **Posto nº 3 do Mercado Municipal de Palmeira** para a actividade autorizada de venda de bocadillos e comida para levar, según acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 14/10/2016.
b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais para a súa inclusión no correspondente padrón fiscal

## VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

**1.**- Vistos os escritos presentados por **Juan Carlos Santos Santamaría,** de datas 14/12/2010, 23/12/2014 e 07/08/2015 (Rexistros de entrada nº 17.450, 15.690 e 8.151), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda

unifamiliar de planta baixa, no lugar de Bretal, Olveira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A042008760001LS.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 29/01/2016, no informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, na data 23/07/2012, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/02/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Juan Carlos Santos Santamaría ***LICENZA DE OBRAS (Nº 6/17)*** para ***CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA*** no lugar de Bretal, Olveira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A042008760001LS, nos termos do Proxecto Básico de decembro de 2010 redactado por Amancio Losada Vicente, arquitecto Col. nº 1.463:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Proxecto de Execución*** *visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá realizar a* ***previa cesión a dominio e uso público*** *da zona afectada por aliñeacións, segundo o Arquitecto Técnico Municipale a Enxeñeira Municipal* ***unha superficie de parcela de cesión 15,87*** $m^2$*), e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal* ***unha fianza de 82,40 € mediante aval bancario.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Dirección de Obra*** *visado polo Colexio Oficial de Arquitectos,* ***Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo,*

*no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.-** Vistos os escritos presentados por **María Paz Pérez Rial,** de datas 30/12/2016 e 18/01/2017 (Rexistros de entrada nº 16.868 e 723), nos que solicita

licenza de obras para construción de peche de parcela e instalación de portal en parcela con refª catastral nº 15074A007003310000KH sita no lugar de Coroso nº 8, Palmeira, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 24/01/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/02/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a María Paz Pérez Rial ***LICENZA DE OBRAS (Nº 7/17)*** para ***CONSTRUCIÓN DE PECHE DE PARCELA*** con refª catastral nº 15074A007003310000KH sita no lugar de Coroso nº 8, Palmeira, Riveira, nos termos da Memoria valorada de xaneiro de 2017 redactatda por José Manuel Nieto Olveira:

- ***CONDICIÓNS DE CONSTRUCIÓN:*** *Si se realiza con material opaco ou de fábrica non pode superar 1 metro de altura, arameira e postes incluidos, a 1,50 metros. En todo caso débense realizar con materiales tradicionais do medio rural no que se localicen. Non se permite o empleo de bloques de formigón o materiais de fábrica sin revestir nin pintar.*
- ***CONDICIÓNS DE ALIÑACIÓN:*** *Deberá replantearse previamente ao inicio das obras, respetándose obrigatoriamente os retranqueos establecidos polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira. Respecto ao vial que está ao fronte da parcela, respetarase un* ***retranqueo de 6 metros respecto ao eixo da vía***, *, así como un* ***retranqueo de 5 metros de cauces públicos***.
- ***OUTRAS CONDICIÓNS:*** *Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da

construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciánse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**3.-** Vistos os escritos presentados por **María Paz Pérez Rial,** de datas 30/12/2016 e 18/01/2017 (Rexistros de entrada nº 16.869 e 729), nos que solicita licenza de obras para reparación de ventanas e pintura de fachadas en edificación existente sita en parcela con refª catastral nº 15074A007003310000KH sita no lugar de Coroso nº 8, Palmeira, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 24/01/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/02/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a María Paz Pérez Rial ***LICENZA DE OBRAS (Nº 8/17)*** para ***REPARACIÓN DE VENTANAS E PINTURA DE FACHADAS*** en edificación existente sita en parcela con refª catastral nº 15074A007003310000KH sita no lugar de Coroso

nº 8, Palmeira, Riveira, nos termos da Memoria valorada de xaneiro de 2017 redactatda por José Manuel Nieto Olveira:

- *Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciase desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade,*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**4.**- Visto o escrito presentado por José Manuel Vilas Álvarez en representación de **Miguel Muñiz Ventoso,** de data 19/01/2017 (Rexistro de entrada nº 755), no que achega proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23/06/16 para engadir a expediente de licenza de obras nº 38/16.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 10/02/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 13/02/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

***PRESTAR CONFORMIDADE*** a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 38/16 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de xuño de 2016 así como do acordo de corrección da licenza de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25 de novembro de 2016 a Miguel Muñiz Ventoso, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de xuño de 2016 redactado por Manuel Peleteiro Bandín:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Dirección de Obra*** *visado polo Colexio Oficial de Arquitectos,* ***Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

**1.**- Visto o escrito presentado por **Manuel Ángel Tarrío Fernández,** de data 18/11/2016 (Rexistro de entrada nº 15.088), no que solicita certificación de terreo cedido para ampliación de vial en Pradiño, 9 – Barreiros (Corrubedo).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 21/02/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Referencia Catastral nº 15074A050011210000KW

Persoados os Servizos Técnicos Municipais na finca, tomadas varias medidas na finca e contrastadas cos planos catastrais, resulta que a superficie da finca disminuíu considerablemente. Dita disminución de terreo redundou na ampliación do ancho dos viais que circundan a finca.

Según isto, o terreo cedido será o seguinte:

Polo Oeste: 50,00 x 2,45: 122,50 $m^2$
Polo Leste: 64,00 x 2,75: 176,00 $m^2$
SUMA: 298,50 $m^2$

O terreo cedido a dominio e uso público son 298,50 $m^2$

Acompáñase croquis das medicións

**RESOLUCIÓN SOBRE ESCRITO PRESENTADO SOLICITANDO CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA SOBRE FINCA - JUANA MARÍA MÍGUEZ PÉREZ E FRANCISCO JAVIER GARCÍA FERNÁNDEZ.**

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural C.
REFª CATASTRAL: 15074A019006760000KM.
SITUACIÓN: Lugar de Fonterramil, Castiñeiras, Riveira.
PROMOTOR/A: Juana María Míguez Pérez e Francisco Javier García Fernández.

Vista a solicitude de referencia e tendo en conta os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de decembro de 2016 acordou por unanimidade:

*"*

*(...)*

***Primeiro.- CONCEDER** a Juana Mª Míguez Pérez e Francisco Javier García Fernández **LICENZA DE OBRAS Nº 50/16** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** no lugar de Fonterramil, Castiñeiras, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019006760000KM, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22.2.16, Plano u-01, Plano a-01, Plano a-02, Plano a-03 e plano a-04 visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18.11.16 redactados por Francisco J. Calvo Pérez:*

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo Enxeñeira Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial no lindeiro este, **reflexase unha superficie de cesión de 114,30 $m^2$**), e completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construcción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 2.329,25 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras* ***Oficio de Dirección de Obra*** *visado polo Colexio Oficial de Arquitectos,* ***Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde,*** *visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

*(...)*

"

**Segundo.-** Posteriormente pola Sra. Juana María Miguez Pérez e o Sr. Francisco Javier García Fernández en escrito rexistrado de entrada na data 16 de febreiro de 2017, (Rexistro de entrada nº 2.531), solicítase en relación á finca con refª catstral nº 15074A019006760000KM sita no lugar de Fonterramil, Castiñeiras, Riveira o seguinte:

"

*(...)*

*Que son titulares de la finca con refª catastral nº 15074A019006760000KM, sita no lugar de Fonterramil-Castiñeiras, en Riveira.*

*Que sobre dicha finca se ha otorgado licencia de obras por este concello parar la construcción de una vivienda con el nº 59/16.*

*Que por medio del presente escrito solicita se emita Informe/Certificación acreditativa de la inexistencia de expedientes de reposición de la legalidad urbanística sobre dicha finca.*

*(...)*

"

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/02/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o dia da data, ***INFÓRMASE QUE NON CONSTA PENDENTE DE RESOLVER NINGÚN EXPEDIENTE DE DISCIPLINA URBANÍSTICA***, que afecte á finca con refª catastral nº 15074A019006760000KM sita no lugar de Fonterramil, Castiñeiras, Riveira, propiedade da Sra. Juana María Míguez Pérez e o Sr. Francisco Javier García Fernández

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

**1.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **Fernando Paz Pérez,**

mediante escritos de datas 05/01/2017 e 20/01/2017 (Rexistros de entrada nº 126 e 880), nos que solicita licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas con refª catastrais nº 15074A001002310000KF e nº 15074A001010330000KY sitas no lugar de Gude nº 15, Artes, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto, no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 11/01/2017, no informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/01/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/02/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Fernando Paz Pérez a ***LICENZA DE SEGREGACIÓN*** e ***POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS (Nº 2/17)*** con refª catastrais nº 15074A001002310000KF e nº 15074A001010330000KY sitas no lugar de Gude nº 15, Artes, Riveira, solicitada, nos termos do Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de outubro de 2016 redactado por José Antonio Gómez Domínguez:

- ***PARCELAS INICIAIS: PARCELA A:*** *Parcela con refª catastral nº 15074A001002310000KF segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 9.647,00 m$^2$.* ***PARCELA B:*** *Parcela con refª catastral nº 15074A001010330000KY segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.000,00 m$^2$.*
- ***PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:*** *Da* ***PARCELA A,*** *segrégase* ***unha superficie de 432,00 m$^2$*** *que agrégase á* ***PARCELA B*** *resultando finalmente:*
- ***PARCELA A:*** *segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 9.215,00 m$^2$ que linda: Norte Teresa Romay Lampón (P-222), Manuel Pego Paz (P-223) e Parcela B resultante da segregación; Sur estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Este Manuel Caamaño (P-236), Manuel Argibay Santos (P-234), Parcela B resultante da segregación e estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Oeste José Ramón Romay Lampón (P-224).*
- ***PARCELA B:*** *segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.432,00 m$^2$ que linda: Norte Pura Martínez Ruiz (P-232); Sur Parcela A resultante da segregación; Este estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Oeste Parcela A resultante da segregación.*

**Segundo.-** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 289,50 m$^2$, resultando na franxa sita no lindeiro este e sur da Parcela A unha superficie de cesión de 237,45 m$^2$ e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 52,05 m$^2$.

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa futura construcción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

**Terceiro.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado (artigo 197 da LOUGA).

**Cuarto.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA.**

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano incluído nos límites do P.E.R.I. 3.- PALMEIRA, sendo de aplicación a Ordenanza 4ª Solo Urbano Residencial Media Colectiva Agrupada.
REFª CATASTRAL: 364707NH0134N0001HI cunha superficie de acordo coa da documentación catastral é de 179,00 m$^2$, segundo medición realizada e contemplada no Estudio Técnico a superficie da finca é de 186,50 m$^2$.
SITUACIÓN: Rúa Camiño do Rueiro nº 22, Palmeira, Riveira.
PROMOTOR/A: María Teresa Iglesias Iglesias.
PROXECTO: Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de parcelas de outubro de 2016.
AUTOR/A ESTUDIO TÉCNICO: Manuel Peleteiro Bandín.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- Por María Teresa Iglesias Iglesias, achegábase en escrito rexistrado de entrada na data 27.10.16 e 23.11.16, (Rexistro de entrada nº 14.107 e 15.339), licenza de innecesariedade de segregación para a realización de división horizontal da parcela con refª catastral nº 364707NH0134N0001HI cunha superficie de acordo

coa da documentación catastral é de 179,00 m$^2$, segundo medición realizada e contemplada no Estudio Técnico a superficie da finca é de 186,50 m$^2$, sita na Rúa Camiño do Rueiro nº 22, Palmeira, Riveira, achegándose coa solicitude Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de parcelas de outubro de 2016 redactado por Manuel Peleteiro Bandín.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.2003 e no D.O.G. do 20.03.2003, como **SOLO URBANO** incluido dentro de los limites do **PERI 3.-, PALMEIRA**, sinala o Plan que as condicións de edificación estarán en función do que establezca o futuro **PERI** que se redacte, e mentres que éste non se leve a cabo será de aplicación o artigo 149, **SOLO URBANO, CONSOLIDADO** con **ORDENANZA 4ª RESIDENCIAL MEDIA VIVENDA COLECTIVA AGRUPADA,** debendo ser fixadas as alineacións polo Concello previa petición de licenza.

**Segundo.-** O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LOUG), dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

**Terceiro.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de parcelas de outubro de 2016 redactado por Manuel Peleteiro Bandín.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARIA

**Cuarto.-** O artigo 145 da LOUG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**Quinto.-** A Lei de de propiedade horizontal ten por obxecto a regulación da forma especial de propiedade establecida no artigo 396 do Código Civil, que se denomina propiedade horizontal.

Establece a Lei 49/1960 de 21 de xullo de propiedade horizontal nos termos da modificación introducida polo Real Decreto Legislativo 7/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana que, requerirán autorización administrativa en todo casoa constitución e modificación do complexo inmobiliario.

**Sexto.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/02/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

***DECLARAR A INNECESARIEDADE DA LICENZA DE SEGREGACIÓN*** da parcela con refª catastral nº 364707NH0134N0001HI cunha superficie de acordo coa documentación catastral é de 179,00 m$^2$, segundo medición realizada e contemplada no Estudio Técnico a superficie da finca é de 186,50 m$^2$, sita na Rúa Camiño do Rueiro nº 22, Palmeira, Riveira, ***AUTORIZANDO A CONSTITUCIÓN DA DIVISIÓN HORIZONTAL*** resultando:

- *Parcela A cunha superficie de 167,00 m$^2$ cunha vivenda unifamiliar de planta baixa de 69,00 m$^2$, planta alta de 76,50 m$^2$ e baixocuberta 30,00 m$^2$, resultando unha superficie total construída de 148,50 m$^2$; en dita parcela asimesmo existen construccións auxiliares que son, un alpendre de 18 m$^2$ de superficie construída, un almacén de 9 m$^2$ de superficie construída, un lavadeiro de 7 m$^2$ de superficie construída e unha garaxe de 14 m$^2$ de superficie construída.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

- *Parcela B cunha superficie de 19,50 m² onde se sitúa unha vivenda unifamiliar de planta baixa, planta alta e baixocuberta cunha superficie construída de 18 m² por planta, existindo un patio interior na parte traseira de 1,50 m².*

**Segundo.-** Asimesmo a autorización concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA Mª JOSEFA GONZÁLEZ GARCÍA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA LAGARTO. Expediente RP 18/2014.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Mª Josefa González García**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

Primeiro.- O día 18 de maio de 2014, dona Mª Josefa González García ía camiñando, en compañía do seu neto de seis anos, pola beirarrúa da rúa Lagarto no seu enlace coa rúa Francisco Lorenzo Mariño, na parroquia de Aguiño, deste termo municipal, cando caeu ao chan ao tropezar cun burato existente na beirarrúa.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. González García tivo que recibir asistencia médica no Hospital da Barbanza, no que lle foi diagnosticado rotura de incisivo superior e ferida labial superior.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 20/05/2014 co número 60.34, dona Mª Josefa González García promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos e lesións sufridos pola mencionada caída.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: informe do servizo de urxencias do Hospital da Barbanza; informe do servizo de atención ao paciente do referido Hospital; e dúas fotografías do lugar da caída.

*Cuarto.-* Posteriormente e a instancia desta Administración, dona Mª Josefa presenta escrito, rexistrado de entrada na data 27/01/2015 co número 951, no que expón que a cantidade obxecto de reclamación ascende ao importe total de 140 €, segundo factura expedida por *"Clínicas Dentales Alborés"*, da que achega copia.

*Quinto.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe realizado pola Policía Local do Concello de Riveira emitido na data 12/03/2015.
- Informe emitido pola enxeñeira municipal na data 16/05/2016.
- Actas de práctica das probas testemuñais do día 21/10/2016.

*Sexto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, presentándose pola interesada escrito rexistrado de entrada na data 09/12/2016 co número 16.044, co que achega tres fotografías do lugar da caída, e no que se alega que posteriormente a poñer en coñecemento da alcaldía o accidente ocorrido, os defectos da vía pública foron reparados con formigón, tal e como se pode ver nas fotografías que se achegan, incidindo a reclamante que os informes da Policía Local e da enxeñeira municipal fixéronse despois e se dilataron no tempo, cando os desperfectos se repararon por unha cuadrilla de operarios con moita anterioridade.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

**Segundo.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

**Terceiro.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Mª Josefa González García para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na rúa Lagarto, e fíxoo en tempo e forma idóneas**, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente**, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

de "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade", debendo prestar, en todo caso, o servizo de "pavimentación de vías públicas urbanas", o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e as lesións sufridos pola Sra. González García. Así se deduce do parte médico que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a beirarrúa da rúa Lagarto na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira, non tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que non puido comprobar a veracidade dos mesmos.**

- **No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente e descoñecese o estado exacto do lugar da caída na data na que esta se produciu.** Isto é o que reflicte a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 16/05/2016, no que tamén se dispón que na data 04/03/2015 foron tomadas unhas fotografías do lugar da caída, sen que se aprecie ningún burato que puidese constituír un factor de risco para a deambulación dos peóns.

- **Sen embargo, as testemuñas ás que se tomou declaración no procedemento administrativo, presenciaron a caída da reclamante e coinciden en afirmar que a caída produciuse polo estado defectuoso no que se atopaba a beirarrúa.** Dos tres testimonios que constan no expediente administrativo, destaca o do Sr. José Arnoso Fernández, que ten a súa vivenda xusto no lugar onde se produciu a caída, e que manifesta que o burato existente na beirarrúa atopábase entre un poste de luz e a muralla da súa casa, e que foi o causante da caída da reclamante. O Sr. Andrés Manuel Fernández Santos, estaba neses intres repartindo o pan, cando presenciou a caída da reclamante e acudiu a axudala, apreciando o defecto na beirarrúa do que afirma que xa facía tempo que estaba así. E a señora Mª Visitación Arnoso Sampedro viña dunha misa en Aguiño e parou na pastelería Isabel, cando presenciou a caída da reclamante á que tamén se acercou para axudala, presenciando o defecto na beirarrúa.

- **Nas fotografías que constan no expediente, pode apreciarse como nun dos bordes da beirarrúa, rodeando a un poste de luz, as lousas da beirarrúa estaban rotas, formando un burato ao redor do referido poste. Nas fotografías que aparecen unidas ao informe da enxeñeira municipal, apreciase esa mesma zona, co poste de luz citado, e o burato xa reparado con formigón, tal e como alega a reclamante no seu escrito presentado no trámite de audiencia.**

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

Da análise das probas practicadas, **extraemos a seguinte conclusión: que na beirarrúa da rúa Lagarto, no seu enlace coa rúa Francisco Lorenzo Mariño, existía un burato rodeando a un poste de luz que foi o que provocou a caída da Sra. González García.**

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade** directo, exclusivo e inmediato entre o funcionamento do servizo municipal e os danos e lesións sufridos pola reclamante.

Respecto do ***quantum*** **indemnizatorio**, a reclamante solicita ser indemnizada na contía de 140 euros, que foi o custo de reparación da dentadura danada como consecuencia da caída, segundo factura emitida por *"Clínicas Dentales Alborés"*.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/02/2017, e visto o informe de fiscalización previa limitada (gastos), emitido polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 13/02/2017, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Mª Josefa González García na contía de 140 €,** que abonará integramente o Concello de Riveira, xa que a contía dos danos non supera a franquicia de 150 euros establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade Mapfre Seguros de Empresas.

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS "BONO BUS" – CURSO 2016-2017**

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 21/02/2017, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2016-2017

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen na seguinte listaxe:

**Destino: Santiago de Compostela**

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Torres Adano, Diego 53795463G

**SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS.**

**1.-** Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, Mª Herminia Pouso Maneiro**, de data 20/02/2016, en relación á convocatoria do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico en xccestión cultural e/ou animación sociocultural ano 2017" da Deputación Provincial da Coruña. (BOP núm. 33, do 16/02/2017).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda, por importe de 15.000 €, para o **"Mantemento do persoal técnico en xestión cultural"**.

2.- Facultar a D. Manuel Ruiz Rivas, para actuar en representación do Concello e formular a correspondente solicitude de axuda.

3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

6.- Remitir antes do 28 de abril de 2018 ás 14.00 h a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

**2.-** Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández**, de data 20/02/2016, en relación á convocatoria do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2017" da Deputación Provincial da Coruña. (BOP núm. 22, do 01/02/2017).

Vista a documentación que consta no expediente.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda, por importe de 15.000 €, para o "**Persoal técnico deportivo**".

2.- Facultar a D. Manuel Ruiz Rivas, para actuar en representación do Concello e formular a correspondente solicitude de axuda.

3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

6.- Remitir antes do 28 de abril de 2018 ás 14.00 h a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.**

**Riveira, 24 de febreiro de 2017**

**O Alcalde**

CONCELLO DE RIVEIRA
ALCALDÍA

**Manuel Ruiz Rivas**

**Dou fe, o secretario xeral**

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**Juan Manuel Salguero del Valle**